

## Visita do Sr. Bispo a Jipijapa.

**Foron moi poucos días, apenas unha semana, pero foron días intensos.**

Saímos de Vigo o luns 24 de abril e voltamos o día 2 de maio. Entre unha data e a outra quedan longas e cansadas viaxes, pero sobre de todo a alegría de encontrarnos cuns sacerdotes de Ourense que traballan no noso nome alá en Jipijapa, e con eles ter a graza de poder experimentar como vive a fe unha comunidade nova, ilusionante, grande en número de persoas e dispersa nun amplo territorio.

**O obxectivo fundamental desta viaxe era visitar ós misioneiros José Luís Fernández Cadavid e Isaac Pereiro.** Estar cerca deles, coñecer o seu traballo, facerlles sentir o cariño e cercanía do seu Pastor, foi o que motivou esta visita, apurada no tempo pero alongada polo intenso vivir dunha semana man a man compartindo mesa, altar, oración e tarefa pastoral. Os sacerdotes José Luís e Isaac, despois de ano e medio están traballando duro porque duro é o traballo nunha parroquia extensa, duns 400 kilómetros cadrados, cunha única vía asfaltada sendo todo o demais «camiños veraneiros» só transitables con vehículos todoterreo, se non chove... Acompañar, escoitar, visitar os seus proxectos, rezar xuntos, deixarse envolver por nenos e adultos que se acercaban cariñosos... foi o traballo destes días.

A Visita foi tamén unha oportunidade para realizar outras moitas importantes tarefas como **entrevistarse co Arcebispo de Portoviejo** e falar fraternalmente do presente, pasado e futuro de Ourense en Portoviejo.

Tamén houbo tempo para inaugurar unha parte da escolliña que están a facer as **Misioneiras do Divino Maestro**. *Caritas Ourense*, conseguiu unha subvención da Xunta de Galicia para impulsar esta obra tan importante para o futuro daquela poboación. A festiña que se fixo serviu para manifestar todo o cariño que aquela xente ten polos «Padresitos» e as «Madresitas» españois. Alí hai una comunidade de relixiosas moi viva formada por dúas españolas, *Felicidad e Mercedes*, e tres máis, *Martha Elia, Sandra e Luz Karime*, colombianas. Elas cumpren un importante papel na Misión coa escola pero tamén na pastoral dinamizando a catequese, grupos de familias e moitas outras tarefas.

Por fin, o último día de estancia en Ecuador tivo a oportunidade de saudar en Guayaquil ó resto de misioneiros ourensáns que alí desempeñan o seu traballo: **Sor María Luísa Paz**, Mercedaria de Barcelona, natural de Xunqueira de Ambía e **Adolfo Álvarez Román e Manuel Losada**, salesianos os dous, de Morgade este e de Celanova o primeiro. Con eles compartimos comida na súa casa na capital do Guayas.

En definitiva, foi a oportunidade para coñecer outra xente, outro mundo que nos enriquece profundamente.

*Manuel Rodicio*

O Sr. Bispo, D. Luís, viviu estes días cos ollos e o corazón abertos, escoitando a todos, deixándose sorprenden por todo e por todos. Ó final da súa estancia manifestaba a ledicia de ter feito esta visita porque aquel pobo é especial pola súa cercanía e o xeito de vivir a fe. Ademais dixo sentirse profundamente impresionado polo traballo realizado polo equipo misionero.



*Co Arcebispo de Portoviejo, D. José Mario Ruiz Navas falando do pasado, presente e futuro da presenza de Ourense en Portoviejo.*



*Bendicindo a escola das Misioneiras do Divino Maestro*



*Escoitando a unha animadora de Preescolar na casa, programa subvencionado pola Xunta de Galicia a través de Caritas Ourense.*

## «A Misión Diocesana é unha riqueza»

«**Non podemos deixar Jipijapa**». Así o dixo D. Luís Quinteiro en notificación feita ó **Consello de Presbiterio** o día 17 de maio. Constatou que «*acostumbramos a pensar no compromiso de Jipijapa coma un problema cando en realidade, cando se coñece, é unha riqueza. É desexo firme do Bispo que a Diocese de Ourense continúe axudando fraternalmente á Diocese de Portoviejo*

*mantendo a nosa presenza na parroquia de Santa María Madre de Jipijapa. É unha fermosa realidade que non deberíamos perder. Para eso é **urxente encontrar sacerdotes que poidan configurar un equipo e tomar o relevo** que deixan José Luis F. Cadavid e Isaac Pereiro, que retornarán en breve unha vez que cumpran os dous anos de misión para os que foron destinados*».



*Celebración do «envío» de catequistas*



*Non faltan os nenos...*



*No dispensario aténdese ós enfermos a precios módicos...*

Constataba así D. Luís a importancia do traballo realizado en Jipijapa e o reto que para nós, Igrexa de Ourense, significa manter aquela presenza que está sendo unha riqueza da que todos saímos beneficiados: a Igrexa de Portoviejo porque recibe uns axentes pastorais dos que está moi precisada, e a Igrexa de Ourense porque recibe impulso, ánimo, espazo de compromiso e de vitalidade da que aquí estamos tan necesitados.

**Moitos sacerdotes levan pasado por alí como misioneiros** desde o inicio do compromiso en xaneiro do 1993: Camilo Salgado, Manuel Pérez, Manuel Rodicio, Digno González, Gumersindo Meiriño, e agora José Luis Fernández e Isaac Pereiro. Pero ademais Jipijapa ten sido obxectivo do traballo e empeño de **moitos laicos que atoparon alí a concreción do seu compromiso cristián**: médicos, enfermeiras, profesores, catequistas... Para moitos Jipijapa é agora moito máis ca un eufónico nome, é lugar onde se sentiron acollidos, útiles, onde deixan boa parte dos seus aforros pero sobre de todo un lugar onde deixaron o corazón. ¿Cómo perder este inmenso e fermoso caudal?

«*Temos que poñernos man a obra e encontrar sacerdotes que estean dispostos a esta tarefa*», dicía o Señor Bispo. Ese é agora o reto: encontrar sacerdotes que queiran continuar esta cadea eclesial. Porque tamén é algo moi claro para o Bispo, D. Luís: «*Como Misión Diocesana que é, estamos comprometidos a buscar xente nova que poida ter esta rica experiencia*».

Pero ¿qué é Santa María Madre de Jipijapa? Unha parroquia metade urbana, metade rural, nun clima tropical, sen camiños case, pero por onde se pode andar en época seca con coches todoterreos. Alí atopamos ante todo unha Igrexa xoven, onde a metade da poboación ten menos de vinte e cinco anos e acollen con agarimo ós «padresitos». Toda unha aventura que paga a pena correr.

### ¿Haberá sacerdotes dispostos a continuar esta obra que é de todos?

#### Algúns datos da parroquia Sta. María Madre de Jipijapa

- Uns 400 Km<sup>2</sup> de extensión.
- Máis de 25.000 habitantes. (10.000 na cidade e o resto no Campo)
- 2 Igrexas na cidade
- 10 Escolas na cidade
- 45 Capelas rurais
- 40 Escolas rurais
- Máis de 1500 nenos na Catequese de Primeira Comunión e Confirmación.
- Uns 500 bautizos cada ano.

#### Algúns datos da obra social de Sta. María Madre

- Un Dispensario Médico con servizos múltiples.
  - Farmacia.
  - Laboratorio Clínico.
  - Más de 600 consultas ó mes.
- Vivendas «Hogar de Cristo» (Casiñas de caña)
- Varios proxectos en marcha.